

(A) DEMOCRACIA

Releo a Canfora neste solsticio de inverno de enxoi-tos e mornos días soleados. A miña irmá Pepa telefona e dínos que está a xantar no xardín. Nós tamén, no eirado da Reboraina. Só que ela mora en El Rompido, entremedias de Huelva e Ayamonte, e nós en Aguiar, no “balcón da Maía”.

Inda hai diferenca. Aló, no sul, este tempo adoita ser frecuente. Eiquí é insólito. “Por Santa Lucía, mingua a noite e medra o día”. A avogada da vista fai pórse a medrar a lus. Deica o lume do San Xoan. Solsticio de inverno coas témporas de arriba, seica. Decátome de que, por estas datas, cúmplase outro ano máis que levo a darvos a matracca semanalmente coa miña prédica dominical. E van alá tres anos xa. Non sei vós, mais eu, cando encetei esta xeira, non contaba con durar nela sequer un par de meses. Incomprensíbel. Que eu perseverase tanto tempo -e que vós mo aturádeses. Se é que inda estades aí. Como lectores, quero dicir.

Releo a Canfora, dicíavos. Mentárvolo incidentalmente nunha ocasión, hai moitos meses, máis dun ano se cadra, xa non sei ben a santo de qué. Luciano Canfora, profesor na Universidade de Bari. Un seu libro, ‘La democrazia’, aparecerá hai catro anos na colección ‘A construción de Europa’ que dirixe o grande medievalista francés Jacques Le Goff: os volumes desa colección publícanse simultaneamente en cinco idiomas por cinco diferentes editoras europeas, a catalana ‘Crítica’ entre elas -esa é a que teño eu. Como adoita acontecerme cando mediou un lapso de tempo considerábel, esta releitura fáiseme de novas en boa medida, sexa porque esquecín boa parte dos contidos, sexa porque o texto, ao lélo outravolta, resúltame diferente, como descoñecido, ao descubrir nil ideas que non apreixara, ou que cobran un novo significado, distinto do que ficara impreso no meu maxín.

Libro fascinante, penetrante análise desalienadora. Non me solprende que, cando saú, causara escándalo en moitas benpensantes mentes demócratas convencionais. Porque pulveriza a contemporánea conversión da democracia nun fetiche embaucador, mesmamente pola ideoloxía neoliberal que a prostitue sistemáticamente na práctica das institucións políticas e a utiliza como eslogan estupefaciente para manter ao ‘demos’, precisamente ao povo, sometido ao poder despótico das oligarquías dominantes en cada estado e imperantes no planeta enteiro. A empezar polos autores -con Giscard d’Estaing á cabeza- do preámbulo da fallida Constitución da UE que, para invocaren a lexitimación do remoto e consabido precedente grego clásico, falsean a definición de democracia que Tucídides pon en boca de Pericles nunha dramática conxuntura da Atenas do s.V a.C. Mais iso é anécdota, non categoría, inanque sexa anécdota preñada de relevancia sintomática. A categoría reside na sustancia, no auténtico contido semántico da noción de democracia, e máis na peripecia histórica da súa oposición dialéctica coa noción de liberdade no contexto do variante contido de clase que, segundo sexan as condicións sociais, dotan de sentido diferente, e até antitético, ao significado deses dous vocábulos e o seu uso ideolóxico na política.

Así acontece coa usual redución do termo ‘democracia’ a sinónimo de ‘sistema parlamentar’, ou sexa, do rexime de partidos, en plural, como única forma xenuina de democracia. “A reflexión grega, ou sobre todo a ateniense -di Canfora- acadou a conciencia da irrelevancia das formas políticas en canto formas”. E agrega: “O feito é que, mesmamente porque non é unha ‘forma’, nen é un tipo de ‘constitución’, a democracia pode existir, ou existir só en parte, ou non existir en absoluto, no ámbito das máis diversas

‘formas’ político-constitucionais”. Tampouco consiste nun rexime de maiorías nas tomas de decisión. “Aristóteles foi o máis consecuente defensor da necesidade de ir até o fondo das cousas cando desvencellou o concepto de democracia do concepto de maioría numérica” -sinala Canfora. Mais, logo, en qué consiste a democracia, cá é a súa ‘sustancia’?.

Na historia europea, e dende a versión orixinaria na Grecia clásica, a noción de democracia fai simbiose coa de cidadanía. A ‘polis’ é o conxunto dos ‘politai’ (cidadáns) que, “pola súa condición de tais, exercen a cidadanía”: son o ‘corpo cívico’ que exerce os dereitos políticos, o conxunto de cidadáns que son, todos iles, libres e iguais. A clave, pois, está no deslinde e configuración dese corpo cívico dentro do conxunto dos habitantes da cidade. Ou sexa: quén ten a cidadanía?. E máis, cómo a exercen os que son socialmente máis febles, para seren politicamente iguais aos poderosos?. Porque, para empezar, na Atenas de Pericles calcúlase que por cada individuo libre había catro escravos. E inda non abundaba con ser libre para ser cidadán: só os varóns adultos fillos de pai e nai atenienses. Velá a cuestión.

En orixe, configúrase “a antiga noción de cidadanía como comunidade de homes en armas”, é dicir, “a equiparación do cidadán co guerreiro”. Mais ser guerreiro implicaba dispor de medios para dotarse de armas por conta propia. Dese xeito, “a noción de cidadán-guerreiro identificábase coa de ‘propietario’ “. A divisoria de clases incidía así no deslinde do ‘corpo cívico’, na atribución da cidadanía, cando menos activa. Curiosamente, en Atenas, será a expansión marítimo-comercial, coa correlativa necesidade dunha mariña de guerra, a que provoque a extensión da cidadanía “a un grupo social, e á vez corpo militar, os mariñeiros, aos que non se podía pedir armárense pola súa conta” -coa conseguinte mutación na estrutura de clases da cidadanía a favor dos plebeios.

O proceso de ampliación da cidadanía ateniense a segmentos sociais non-propietarios incidíu na dinámica da cúpula do sistema -grupos dirixentes e clases altas- que se esgazan en dúas castes de actitudes e comportamentos. Uns, os máis deles, “asumen dirixir o sistema no que os non-propietarios xa son a forza dominante: son os ‘demócratas’. Pero outros, unha minoría de ‘señores’, non aceitan o sistema, “agrúpanse en organizacións secretas (heterías) e constitúen unha permanente ameaza potencial” para o sistema democrático: son os ‘oligarcas’, que propugnan “a drástica redución da cidadanía” -ou sexa, a conversión da democracia en oligarquía.

Portanto, a cuestión estriba na estrutura de clases do corpo cívico, nas tensións e confrontacións, ou loita, antre elas, e nas diferentes reaccións ideolóxicas e políticas das clases socialmente dominantes perante o problema. De aí que Aristóteles, ao analizar a contraposición antre democracia e oligarquía, furgue debaixo das formas aparentes -o principio da maioría no funcionamento democrático- para centrarse no que ven ser o contido de clase de cada un deses dous sistemas. Aristóteles observa, di Canfora, que “o que diferencia a eses dous sistemas políticos opostos non é o feito de que os que posúan a cidadanía sexan moitos ou poucos, senón se son propietarios ou non propietarios”. E por iso tamén, os poderosos disconformes, os ‘oligarcas’, descalifican a democracia como ‘liberticida’, como rexime imposto polo populacho que atenta contra a liberdade: a liberdade deles, claro está. As leis que garanten as liberdades do pobo coartan a liberdade de acción dos grupos dominantes, certamente -e esa perspeitiva de clase da liberdade vai enxendrar unha conceición na que, de xeito latente ou explícito, a contradición antre democracia e liberdade será unha tensión constante na actitude ideolóxico-política das burguesías -e das chamadas clases medias- nas sociedades configuradas a partir das revolucións liberais europeas.

De feito, moitos séculos despois da experiencia ateniense, a partir da Revolución francesa de 1789, o conflito vaise reproducir de xeito análogo, en coordenadas sociohistóricas ben diferentes, e os principios democráticos do período revolucionario axiña serán deturpados ou convertidos en papel mollado, ou fetichizados, dende a involución que reconvirte a revolución popular en ditadura burguesa, a democracia en 'liberalismo' burgués. O corpo cívico tardará máis dun século en abranguer ao conxunto do povo, en facerse efectivo o principio do sufraxio 'universal'. E para daquela, os oligarcas terán amañado xa os resortes ideolóxicos, legais e institucionais necesarios para conxuraren a ameaza do poder democrático -popular- fronte á liberdade -dos propietarios. Hoxe. fronte á liberdade do mercado. Para reduciren a democracia a rituais e liturxias inocuas. A formas. Ao que non é a democracia -nen sequer para Aristóteles.

Agora que o penso, se cadra vai resultar que a democracia é unha inocentada, unha enorme e universal inocentada. Precisamente acaída ao día de hoxe, non si?.